



Un grupo de nenas e nenos do CEIP Mestres Goldar, que sempre andaban na procura de aventuras e misterios que resolver, quedou en xuntarse, un día de moito frío, coa intención de xogar no parque de Castrelos. Sempre levaban enriba un equipo completo de investigación e roupa e calzado axeitado por se xurdía algún enigma ao que tivesen que darrle unha solución.

Despois de visitar todo o parque, achegáronse ao Pazo de Quiñones de León. De súpeto un deles sentiu o pulso dun corazón preto del, moi asustado decidiu comunicarollo aos demás tendo moito coidado de que ese latexo non o escoitase.



Empezaron a investigar a procedencia do ruído e decidiron separarse para buscar pistas. Cando unha das nenas do grupo se achegou á muralla traseira da finca escoitou o latexo moito más forte que proviña dun pasadizo que unía a muralla ao pazo.

Chamou ao resto utilizando un walkie-talkie e presentáronse no momento. Ao apoiarse nunha pedra abríuse unha porta que daba acceso ao pasadizo.



Gloria, que era a más aventureira decidiu entrar, pero estaba escuro e tropezou, sentiu que estava escorregando por un tobogán. Todos os membros do grupo, preocupados, decidiron seguila; pero tomaron camiños diferentes.

Gloria pensou que chegara ata o país "ROSA", pois todo canto miraba nesa sala era desa cor: as paredes, os mobles, a lámpada, incluso a xente vestía toda de rosa.



Mentres, o resto, que estaba nos alxubes, volveu escoitar ese son cada vez máis forte e todo o grupo coincidiu en que o son procedía dun dos torreóns. Grazas ás súas lanternas de cabeza, puideron ver unhas escaleiras que chegaban ata o torreón. Xoán apoouse na parede e accionou un mecanismo que fixo que se abrise a porta. Cando empezaron a subir polas escaleiras, un deles pisou un paso-trampa que o levou ata a muralla traseira do pazo, é dicir, ata o lugar onde todo comezou. Entón para asegurarse, decidiron pisar con delicadeza e comprobar se todos os pasos eran trampa, chegando á conclusión de que non todos eran falsos, pois tiñan que pisalos alternos. Cando estaban aproximándose ao torreón, o latexo era cada vez máis intenso, enxordecedor, era un corazón como nunca antes viran.

"É o corazón de Castrelos!", dixerón todos.


O "corazón" manexaba todo Castrelos, ao seu lado estaban dous homes intentando roubalo. Ese é o motivo polo que todo estaba cambiando. Todo o grupo botou a correr cara ao "corazón",



pero un dos ladróns lanzoulles unha bomba de fume e cortoulles o paso. Cando o fume desapareceu, xa non estaban nin os ladróns nin o corazón. De súpeto, as árbores comenzaron a morrer lentamente, os ríos secaron, as casas quedaron sen enerxía,...e unha nube negra cubriu todo Castrelos.

Alarmados pola situación, foron pedir axuda á veciñanza. O primeiro de todo era atopar a gorida dos rateiros, pero non tiñan nin idea de por onde empezar. Ata que, un científico medio tolo, que habitaba nunha estraña casa no Monte da Mina, dixo que el construíra un aparello que detectaba latexos cardíacos distintos dos normais.

Era un colgante con forma de corazón, que tiña: un compás, un analizador que descartaba os latexos humanos, un radar e unha antena. Para que funcionase debería levalo alguén de corazón puro, amable, xeneroso,...; por iso, decidiron que o levase a profe Belén.




Colgouno do pescozo e inmediatamente indicou a localización do escondedoiro dos malfeiteiros. Estaba situado nunha cova subterránea debaixo do petroglifo da Laxe.

Pero ao chegar alí, non sabían como entrar. Pasou o tempo e seguían dándolle voltas. Gloria, do cansanzo, decidiu sentar enriba da pedra. De súpeto, iluminouse un dos símbolos alí gravados, un que tiña forma de corazón. Pero non pasou nada. Probaron distintas combinacións e non acontecía ningún cambio. Entón, o máis cativo do grupo, decatouse de que a combinación estaba escrita nunha árbore. Marcárona seguindo as instrucións e ...



nada! Pero avanzou uns pasos, tropezou e caeu de fuciños contra unhas herbas. Ao erguerse, dunha patada arrincounas e observou que cubrían unha inscrición.

- Vide aquí! Atopei algo superraro -exclamou Rafa, o benxamín.
  - Déixanos ver! Que será? -dixerón a un tempo.
- Todo o grupo se colocou ao redor e observou detidamente.
- Eh! Mirade, este símbolo ten a forma do colgante que leva a profe! - apuntou Gloria-. Terán algunha relación entre eles?
  - E que vos parece se o introducimos no oco? - propuxo Xoán.
- Así o fixeron, e de súpeto oíuse un estrondo enxordecedor. Apareceu unha fenda na rocha pola que saía unha intensa luz que parecía vir da pechadura dunha porta metálica.
- Entramos? -preguntou Rafa.
  - Por suposto. TODO POR CASTRELOS!! -responderon á vez.



Pasenriñamente, co corazón nun puño, foron baixando cara a aquela robusta porta.

- Estou moi canso e teño unha fame negra! Quero tomar algo, aghora mesmo, aghora mesmo... Buah! Buah! E quero ir para a miña casal -queixouse o peque.

- Cala, Rafiña. Agarda un chisquín que creo que teño algo aquí no peto para ti -trátou de aloumíñalo Gloria-. Verás!

Buscando no pantalón atopou uns chicles e engadiu:

- Anda...! Xa esquecera que tiña estes. Sabedes onde mos deron? Cando estiven no País Rosa, axudoume a sair de ali unha criatura extraordinaria e ao despedírmos agasalloume con este paquete de chicles. Toma e cala!

- Grazas, Gloria!

Desenvolveune e tirou o papel ao chan. Xoán decatouse e rifoulle:

- Iso non se fai, tes que botalo á papeleira.

Cando o colleu, como estaba moi nervioso empezou a xoguetear co envoltorio. E de ali a un chisco caeu na conta de que nel había estas letras: I R B, que ao dobralas se convertían nos números: 1 1 2 1 3.

- Atendedel! Eu creo que esta numeración é un código. Que vos parece se probamos a marcalo nese teclado que hai aí enriba da porta?

- Por intentalo non pasa nada -asentiu todo o grupo.

Meteron a suposta clave e... a porta abriuse de par en par! Aquela entrada daba acceso a unha galería chea de gaiolas con seres extraordinarios: hipogrifos, aves fénix, elfos, dragóns, unicornios e outros dispostos a matar a calquera intruso que entrase naquel lugar, onde gardaban o valioso corazón da parroquia.

Tan axiña como o grupo se foi introducindo a través do corredor, os fieis gardiáns empezaron a emitir os más arrepiantes berros que oído humano pudo percibir xamais. Pero cando a profe avistou o corazón, milleiros de raios de luz das más variadas e fermosas cores comenzaron a sair da vitrina que gardaba o prezado tesouro.

Todos os gardas deixaron de berrar e fórnselles achegando amodoño. Os rapaces e rapazas comprenderon que cesara a súa agresividade e que podían contar con eles para o que quisesen, pois os chips que lles puxeran os bandidos quedaran desactivados. E... meu dito, meu feito: con moi coñadillo rescataron o corazón, voltaron ás súas casas aproveitando aqueles seres amigos e denunciaron o roubo na policía.

Ás forzas da orde non lle resultou difícil atrapar os ladróns, agardándoo no súa gorida; e o que é más importante, o CORAZÓN DE CASTRELOS segue no seu lugar facendo que sexa un dos lugares más fermosos do mundo: boa terra, bonita paisaxe, bo clima, BOA XENTE...



Conto colectivo realizado polo alumnado de  
2º e 3º Ciclo de Educación Primaria

CEIP Mestres Goldar  
Curso 2010 - 2011